



Concello de Meaño

EXPEDIENTE: 415/2026

ACTA DA UNIDADE TECNICA CONVOCADA PARA O ESTUDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO “LUDOCOINCILIA MEAÑO NO VERAN: SOMOS IGUAIS – CORRESPONSABILIDADE 2026”

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 12:06 horas do día 30 de xuño de 2026 reúnese a unidade técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 30/06/2026, nº 2026-0373, integrada por D^a Cristina María García González, informadora xuvenil, D^a. Beatriz López de Castro García, secretaria - interventora e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para o estudo da documentación aportada para a adxudicación na convocatoria de licitación do contrato do servizo “Ludoconcilia Meaño no Verán: Somos Iguais – Corresponsabilidade 2026”.

Na sesión celebrada con data 17 de xuño, para a apertura e valoración das ofertas presentadas no procedemento de licitación, a Unidade técnica acordou requirir a empresaria Silvia Calvelo Rodríguez para que, no prazo de 7 días hábiles desde a recepción da comunicación, aportase a documentación establecida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Con data 28 de xuño, rexistro de entrada 2026-E-RE-1194, e 29 de xuño, rexistros de entrada nº 2026-E-RE-1195, nº 2026-E-RE-1200 e nº 2026-E-RE-1205, Silvia Calvelo Rodríguez achega a documentación requirida.

A Unidade Técnica procede a comprobar a documentación aportada pola empresaria Silvia Calvelo Rodríguez, constatándose que a mesma se axusta ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe no procedemento de licitación, proponendo, en consecuencia, a adxudicación do contrato a Silvia Calvelo Rodríguez.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan o/as participantes.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

